

ADRIÁN PRESAS SOBRADO Y JULIO PRADA RODRÍGUEZ, ÉLITES Y PODER LOCAL EN GALICIA. DE LA CRISIS DE LA RESTAURACIÓN A LA CONSOLIDACIÓN DEL RÉGIMEN FRANQUISTA, MADRID, LOS LIBROS DE LA CATARATA, 2023, 285 PÁXINAS. ISBN: 978-84-1352-733-8

CARLOS LOZANO GONZÁLEZ

Investigador Predoutoral (HC1), Universidade de Vigo

Recibido: 13/12/23
Aceptado: 31/10/24

O proceso de construción-consolidación e expansión das redes de poder local nas estruturas do Estado liberal español, así como o seu funcionamento desde a órbita caciquil, foi un dos marcos historiográficos máis estudados desde o derradeiro terzo do século pasado. Boa parte daquelas propostas estiveron marcadas, metodoloxicamente, polas investigacións de José Varela Ortega, quen pautou o camiño na década de 1970 e deixou, con enorme mestría, a ópera prima desta temática, *Los amigos políticos. Partidos, elecciones y caciquismo en la Restauración (1875-1900)* (Madrid, Alianza, 1977, 447 páxinas).

Desde entón promulgáronse, ben baixo o abeiro do propio Varela Ortega, ben desde as direccións doutros referentes de centros científicos estatais, estudos e proxectos de corte local, rexional e incluso transnacional que buscaron, desde visións poliédricas, pautas comúns e diferenciais entre espazos máis ou menos semellantes para un determinado marco temporal, xa for o período restauracionista, a ditadura de Primo de Rivera, a Segunda República, o réxime franquista –en especial os seus primeiros anos– ou a transición á democracia. Precisamente, a obra aquí a referenciar débese enmarcar dentro desa “nova” liña de investigacións históricas que pescudan resultados de forma máis transversal e que se afastan do ríxido marco nalgunha desas etapas para ofrecer unhas visión moito máis complexa do cotián neste tipo de traballos. Namentres, o período de análise esténdese desde a crise da Monarquía até a consolidación do franquismo no ámbito local, a principios da década dos anos cincuenta.

Os investigadores do grupo de Historia Contemporánea (HC1) da Universidade de Vigo, Adrián Presas Sobrado e Julio Prada Rodríguez –quen xa formou parte do equipo investigador doutra obra fundamental para a comprensión da construción e o estudo da xeografía caciquil restauracionista dirixida polo citado Varela Ortega, *El poder de la influencia: geografía del caciquismo en España (1875-1923)* (Barcelona, Marcial Pons, 2001, 776 páxinas)–, desenvolveron unha investigación de acreditada solvencia na que se analizan as continuidades e rupturas do poder local nas principais urbes de Galicia –obxecto da tese doutoral do primeiro dos autores, dirixida polo propio J. Prada– e no complexo mundo rural galaico –ámbito no que o segundo é un recoñecido especialista e ao que prestou especial atención nalgúns dos seus traballos aurais– desde os intres finais da Restauración borbónica até a consolidación do réxime franquista a nivel local.

A solidez desta investigación queda acreditada, en primeiro lugar, pola propia traxectoria investigadora destes historiadores, quen, como se observa no prólogo e na bibliografía do libro, son autores e coñecedores dos debates historiográficos existentes na actualidade neste campo, así como dos resultados máis recentes obtidos noutros puntos do territorio peninsular (Andalucía, Catalunya, Comunitat Valenciana, etc.). Ademais, a este nivel metodolóxico de revisión bibliográfica súmase a constancia sempre presente dun inxente regueiro de consultas a fontes primarias que, a ciencia certa, son a base principal do traballo. Extraídas ben de arquivos estatais, caso do Arquivo Xeral da Administración (AGA), ben de fondos provinciais e municipais do ámbito galego, albiscaron outras secundarias da época –principalmente, prensa local e ordenanzas lexislativas sacadas da antiga *Gaceta de Madrid* e, a partir de 1936, do *Boletín Oficial del Estado*– que reafirmaron ou negaron as hipóteses establecidas no punto inicial da investigación.

De xeito máis concreto, esta obra a catro mans divídese nun primeiro espazo introdutorio, seguido de seis capítulos delimitados por situacións de troco de etapas políticas no Estado español contemporáneo, dentro do marco temporal citado e seguindo unhas pautas de exposición de resultados bastante semellantes, que finaliza coa reflexión dunha serie de conclusións. A introdución ofrécenos unha explicación do contexto histórico-político existencial a partir do ano cero da obra, 1917, que barre as fronteiras existentes dentro do continente e do Estado español, así como a dicotomía entre o control das institucións locais no espazo urbano e o seu homólogo rural en Galicia. Con isto preténdese, pois, afondar nos trocos sociolóxicos producidos desde o triunfo revolucionario marxista no caído Imperio Ruso até a construción do novo Estado franquista, prestando especial atención ao proceso de transformación de identidade das elites conservadoras tradicionais cara á súa definitiva aposta por fórmulas de carácter autoritaria e corporativista.

O núcleo da obra iníciase cun apartado que aborda o estudo dos movementos de entrada e saída das elites de poder municipal desde os gobernos tardores-tauracionistas (1917-1923) até a fin da *ditabrandá*, sen esquecer os trocos que se producen durante a ditadura de Miguel Primo de Rivera (1923-1930). O período republicano e a etapa franquista son obxecto, respectivamente, de dous e tres capítulos, organizados a partir de diferentes feitos de índole política que os dotan de singularidade propia. No primeiro caso, por unha banda, a chegada e o proceso de construción de réxime local republicano entre os comicios electorais do 12 de abril de 1931 e os seus homónimos de abril de 1933, os cales tiveron, para o caso de Galicia, un efecto fáctico limitado a un número reducido de concellos das provincias de Lugo e Pontevedra; por outra, las transformacións operadas no ámbito municipal durante os gobernos radical-cedistas e a etapa da Fronte Popular, unha das máis agochadas até agora segundo subliñaron diversos especialistas. E, no caso do franquismo, as complexas dinámicas que se agochan tralos numerosos cambios na xestión do poder local realizados polas autoridades sublevadas entre o golpe militar do verán de 1936 e a consolidación da ditadura.

En cada un dos apartados citados realízase unha análise tanto cuantitativo como cualitativo que se complementa, sobre todo para o período posterior a 1939, cun bo número de apuntamentos biográficos que nos facen comprender, de forma tanxíbel, das pegadas deixadas por unha elite cunha idiosincrasia camaleónica no aparato institucional municipal galego. A introdución do ámbito da biografía política, tinguida á súa vez dun cariz xenealóxico máis que necesario para os obxectivos do traballo, dá á obra, pois, unha solidez que, á par, se mergulla dentro das correntes metodolóxicas actuais nas que prima o estudo propiamente dito dos actores históricos. Á súa vez, malia resultar obvio, resalta con claridade a comprensión e transversalidade á hora de explicar e vencellar a diversa normativa que amosa a funcionamento das estruturas do poder local desde a Lei de 1908, pasando polo Estatuto Municipal de 1924 e rematando coa Lei de Bases de Réxime Local de 1945. Partindo do concreto, a capacidade de análise de cada unha de peculiaridades das cidades galegas, presentando con claridade o papel e orixe socioeconómica destas elites situadas en urbes de maior tamaño e peso económico (Vigo e A Coruña) e político (Santiago de Compostela) fronte a outras de segundo rango (Lugo, Ourense, Ferrol e Pontevedra), permítennos ver unhas pautas comúns e non tan semellantes para un marco temporal que abrangue, en teoría, períodos antagónicos.

En paralelo, a aproximación relativa aos nomes e figuras que formaron parte da segunda pata do poder local do Estado liberal español desde o s. XIX, a Administración Provincial, tal e como sinalaron tradicionalmente investigadores da lexislación local da talla de Enrique Orduña Rebollo o J.A. González Casanovas, ábrenos novas perspectivas para entender non só o funcionamento das relacións

entre dúas entidades intrinsecamente unidas por natureza, senón para ver se existiu un transvase de beneficios persoais que se espallou máis aló dos consistorios urbanos galegos. O mesmo acontece co ámbito rural, o máis impermeábel ás diferentes aproximacións mesoterritoriais a esta cuestión, que cobra nesta obra especial relevancia grazas á rica variedade de fontes empregadas e ás propostas metodolóxicas de análise que nela se propoñen. En definitiva, a relevancia científica desta investigación reside na súa relación, tanto terminolóxica como no método, coas obras existentes máis alá dos límites dun panorama galego que precisaba dun nexo co encadre actual dos proxectos sobre elites e política local durante o proceso de edificación do franquismo.

Mergullarse no espazo galaico, no que ao estudo do marco local e para un período tan amplo e dispar, precisa dun arduo labor que, como sinalan os propios autores, se antolla complexo. Máis aló dos impertérritos tópicos dados á vida política galega existente no primeiro terzo do s. XX, onde a liña entre o caciquismo e inmovilismo rural presentouse sempre afastada dunha suposta competencia política no ámbito urbano, hai que lle sumar as prescritas diferenzas entre espazos segundo o seu contexto social, económico e político e, sobre todo, dilucidar realmente que marca a diferenza entre un ámbito rural e outro urbano. Namentres, a obra ofrécenos unha visión seria, estruturada, científica e rica en contido que fará aos investigadores e lectores afrontar unha nova visión, unha nova vía de estudo para entender e reformular os conceptos, pautas e marcos do poder local na Galicia entre a crise da Restauración e a consolidación do franquismo.

*Normas de
publicación*

POLÍTICA EDITORIAL DA REVISTA

Minius é a revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo. Trátase dunha revista interdisciplinar, de periodicidade anual, que publica traballos científicos orixinais de investigación de calquera das disciplinas do ámbito das Humanidades. Devanditos traballos deben ser inéditos e facer algunha achega de datos, metodolóxica ou ben historiográfica. Algúns números da revista conteñen un dossier monográfico sobre un tema concreto. Todos os traballos recibidos son avaliados por revisores externos a revista, doutras universidades ou centros de investigación, seguindo criterios internacionais (mediante o sistema de ‘dobre cego’). No caso de que os informes confidenciais propoñan cambios na redacción do orixinal será responsabilidade do consello editorial, previa información ao autor, o seguimento do proceso ou reelaboración do traballo. Os non aceptados serán devoltos aos autores, xunto cos ditames emitidos polos evaluadores.

A revista vai dirixida a investigadores, historiadores profesionais, estudantes e calquera persoa interesada no coñecemento do pasado así como do resto das disciplinas do ámbito das Humanidades e as Ciencias Sociais. O prazo para o envío de orixinais termina o 15 de xullo de cada ano.

NORMAS PARA O ENVÍO DE ORIXINAIS

1. O envío dos **orixinais** realizarase a través da plataforma OJS da revista (<https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/mns>) e constará de dous arquivos diferentes:
 - O texto orixinal irá precedido dunha páxina na que se detallará o nome e apelidos do autor/a, universidade ou centro de investigación de procedencia, dirección postal e correo electrónico.
 - Unha copia cega, é dicir, sen datos de calquera natureza que permitan a identificación do autor/a, tanto no texto como nas citas.Todo o proceso editorial desenvolverase e seguirase a través da plataforma da revista. Tan só en caso de necesidade contactarase a través do correo electrónico da revista: **minius@uvigo.es**
2. Os artigos presentaranse en **formato Word para Windows** e deberán ter unha extensión máxima dunhas 15.000 palabras, equivalentes aproximadamente a 40 din A-4, a dobre espazo, en letra Times New Roman de doce puntos, incluíndo cadros, gráficos, mapas, ilustracións, notas e bibliografía. Cada texto irá precedido dunha páxina que conteña o título, resumo do artigo e palabras chave, en galego ou castelán e en inglés, nome do autor ou autores, profesión, centro de traballo, enderezo postal completo, teléfono e enderezo de correo electrónico do autor/a ou autores/as.
3. A **numeración dos epígrafes** que aluden a divisións e subdivisións do texto utilizarán cifras arábicas, evitando a numeración romana e as letras.

4. Evitarase o número excesivo de **citas textuais** que, se non pasan das tres liñas, deberán ir entre comiñas dobres (“”), co mesmo tipo de letra e sen cursiva, incluíndo en nota ao pé a referencia bibliográfica. As citas textuais máis longas poñeranse en parágrafo aparte, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. Unha cita dentro doutra cita marcarase con comiñas simples (”).
5. Todo traballo deberá conter un **listado bibliográfico final** co título *Bibliografía*. As referencias limitaranse ás obras citadas no traballo, con sangría francesa, e ordearanse alfabéticamente polo primeiro apelido do autor/a e ano de publicación; se dous ou máis traballos teñen o mesmo autor/a e ano, distínguense entre si con letras minúsculas a continuación do ano e dentro do paréntese. Observarase o seguinte formato:
 - a. Monografías:**
 ARTOLA, M. (dir.) (1978): *Los ferrocarriles en España: 1844-1943*, Madrid, Servicio de Estudios del Banco de España.
 VILAR, P. (1996): *La guerra civil española*, Barcelona, Grijalbo Mondadori.
 - b. Artigos de revista:**
 PÉREZ GARCÍA, J. M. (1992): “El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico”, *Minius*, 1: 167-169.
 - c. Colaboración en obra colectiva:**
 GONZÁLEZ ENCISO, A. (2006): “Spain’s mobilisation of resources for the war with Portugal in 1762”, en BOWEN, H. V. e GONZÁLEZ ENCISO, A. (coords.): *Mobilising Resources for War*, Pamplona, Eunsa: 159-190.
6. As **notas a pe de páxina** irán numeradas correlativamente en números arábigos e voladas sobre o texto (*superíndice*); compoñeranse coa opción específica do procesador de texto. De seguir signo de puntuación, este poñerase despois do número da chamada e nunca antes (exemplo¹, exemplo[‡]). As referencias bibliográficas citadas indícanse en nota a pé de páxina e de xeito abreviado, consignando os apelidos e inicial do nome do/a autor/a, en versalitas, o ano de publicación e a páxina da cita: DURO PEÑA, E. (1973): 27. LUCAS ÁLVAREZ, M. e LUCAS DOMÍNGUEZ, P.P. (1988): 298-299.
7. **O material gráfico** que acompañe ao texto deberá ir numerado en cifras arábigas e correlativas, contando cada un deles cun breve título que o identifique, debendo indicarse as súas fontes. As táboas ou cadros compoñeranse facendo uso da opción específica do procesador de textos. Os orixinais de gráficos e ilustracións presentaranse con calidade de ser dixitalizados, e os primeiros poderán incluírse nun arquivo informático de calquera folla de cálculo (preferentemente Excel); neste caso recoméndase presentar na mesma páxina o gráfico e a táboa de datos.
8. Acusarase **recibo dos orixinais recibidos** por parte da secretaría da revista *Minius* nun prazo de trinta días hábiles desde a súa recepción, e o Consello de Redacción resolverá a súa publicación nun máximo de seis meses.
9. Os autores recibirán unha soa **proba de imprenta**. Durante o proceso de corrección non se permitirá incrementar o texto máis dun 5%. Os autores/as comprometeranse a corrixir as probas nun prazo de quince días, contados desde a súa entrega.

POLÍTICA EDITORIAL DE LA REVISTA

Minius es la revista del Departamento de Historia, Arte y Geografía de la Universidad de Vigo. Se trata de una revista interdisciplinar, de periodicidad anual, que publica trabajos científicos de investigación de cualquiera de las disciplinas del ámbito de las Humanidades. Dichos trabajos deben ser inéditos y hacer alguna aportación de datos, metodológica o bien historiográfica. Algunos números de la revista contienen un dossier monográfico sobre un tema concreto. Todos los trabajos recibidos son evaluados por revisores externos a la revista, de otras universidades o centros de investigación, siguiendo criterios internacionales (mediante el sistema de ‘doble ciego’). En caso de que los informes confidenciales propongan cambios en la redacción del original será responsabilidad del consejo editorial, previa información al autor, el seguimiento del proceso o la solicitud de reelaboración del trabajo. Los no aceptados serán devueltos a los autores, junto con los dictámenes emitidos por los evaluadores.

La revista está dirigida a investigadores, historiadores profesionales, estudiantes y toda persona interesada en el conocimiento del pasado así como del resto de las disciplinas del ámbito de las Humanidades y Ciencias Sociales. El plazo para el envío de originales termina el 15 de julio de cada año.

NORMAS PARA EL ENVÍO DE ORIGINALES

1. El envío de **originales** se realizará a través de la plataforma OJS de la revista (<https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/mns>) y constará de dos archivos diferentes:
 - El texto original irá precedido de una página en la que se detallará el nombre y apellidos del autor/a, universidad o centro de investigación de procedencia, dirección postal y correo electrónico.
 - Una copia ciega, es decir, sin datos de cualquier naturaleza que permitan la identificación del autor/a, tanto en el texto como en las citas.Todo el proceso editorial se desarrollará y seguirá a través de la plataforma de la revista. Tan sólo en caso de necesidad se usará el correo electrónico de la revista: **minius@uvigo.es**
2. Los artículos se presentarán en **formato Word para Windows** y tendrán una extensión máxima de unas 15.000 palabras, equivalentes aproximadamente a 40 din A-4, a doble espacio, en letra Times New Roman de doce puntos, incluyendo cuadros, gráficos, mapas, ilustraciones, notas y bibliografía. Cada texto irá precedido de una página que contenga el título, resumen del artículo y palabras clave, en castellano o gallego y en inglés, nombre del autor/a o autores/as, profesión, centro de trabajo, dirección postal completa, teléfono y dirección de correo electrónico del autor/a o autores/as.
3. La **numeración de los epígrafes** que aluden a divisiones y subdivisiones del texto utilizarán cifras arábigas, evitando la numeración romana y las letras.

4. Se evitará el número excesivo de **citas textuales** que, si no pasan de tres líneas, deberán ir entre comillas dobles (“”), con el mismo tipo de letra y sin cursiva, incluyendo en nota al pie la referencia bibliográfica. Las citas textuales más largas se pondrán en párrafo aparte, con sangría por la izquierda y letra de cuerpo 10. Una cita dentro de otra cita se marcará con comillas simples (‘’).
5. Todo trabajo contendrá un **listado bibliográfico final** con el título *Bibliografía*. Las referencias se limitarán a las obras citadas en el trabajo, con sangría francesa, se ordenarán alfabéticamente por el primer apellido del autor/a y año de publicación; si dos o más trabajos tienen el mismo autor/a y año, se distinguirán entre sí con letras minúsculas a continuación del año y dentro de los paréntesis. Se observará el siguiente formato:
 - a. **Monografías:**
 ARTOLA, M. (dir.) (1978): *Los ferrocarriles en España: 1844-1943*, Madrid, Servicio de Estudios del Banco de España.
 VILAR, P. (1996): *La guerra civil española*, Barcelona, Grijalbo Mondadori.
 - b. **Artículos de revista:**
 PÉREZ GARCÍA, J. M. (1992): “El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico”, *Minius*, 1: 167-169.
 - c. **Colaboración en obra colectiva:**
 GONZÁLEZ ENCISO, A. (2006): “Spain’s mobilisation of resources for the war with Portugal in 1762”, en BOWEN, H. V. e GONZÁLEZ ENCISO, A. (coords.): *Mobilising Resources for War*, Pamplona, Eunsa: 159-190.
6. Las **notas a pie de página** irán numeradas correlativamente en números arábigos y voladas sobre el texto (*superíndice*); se compondrán con la opción específica del procesador de texto. De seguir signo de puntuación, este se pondrá después del número de la llamada, nunca antes (ejemplo¹, ejemplo:[†]). Las referencias bibliográficas citadas se indicarán en nota a pie de página y de forma abreviada, consignando los apellidos e inicial del nombre del/a autor/a, en versalitas, el año de publicación y la página de la cita: DURO PEÑA, E. (1973): 27. LUCAS ÁLVAREZ, M. e LUCAS DOMÍNGUEZ, P.P. (1988): 298-299.
7. **El material gráfico** que acompañe al texto deberá ir numerado en cifras arábigas y correlativas, contando cada elemento con un breve título que lo identifique, debiendo indicarse sus fuentes. Las tablas o cuadros se compondrán mediante la opción específica del procesador de textos. Los originales de gráficos e ilustraciones se presentarán con calidad de ser digitalizados, y los primeros podrán incluirse en un archivo informático de cualquier hoja de cálculo (preferentemente Excel).
8. Se acusará **recibo de los originales recibidos** por parte de la secretaría de la revista *Minius* en un plazo de treinta días hábiles desde su recepción, y el Consejo de Redacción resolverá su publicación en un máximo de seis meses.
9. Los autores recibirán una sola **prueba de imprenta**. Durante el proceso de corrección no se permitirá incrementar el texto más de un 5%. Los autores/as se comprometerán a corregir las pruebas en un plazo de quince días, contados desde su entrega.

EDITORIAL POLICY OF THE MAGAZINE

Minius is the magazine of the Department of History, Art and Geography of Vigo University. It's a magazine interdisciplinary, of annual periodicity, which publishes original scientific original works of investigation of anyone of the disciplines of the field of the Humanities. Such work must be unpublished and make some contribution of information, methodological or historiographic. Some numbers of the magazine contain a monographic dossier on a specific subject. All the received works are evaluated by external revisers to the magazine, of other universities or research centres, following international standards (using the 'double blind' system). In case the confidential reports propose changes in the draft of the original one it will be a responsibility of the publishing advice, previous information to the author, the follow-up of the process or reprocessing of the work. The not accepted ones will be returned to the authors, together with the judgments issued by the assessors. Those not accepted will be returned to the authors, together with the opinions delivered by the evaluators.

The magazine is directed for researchers, professional historians, students and every person been interested in the knowledge of the past as well as of the rest of the disciplines of the field of the Humanities and the Social Sciences. The term for the sending of original finishes on July 15 of every year.

PROCEDURE FOR THE SENDING OF ORIGINAL WORKS

1. The submission of **originals** will be done through journal's OJS platform (<https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/mns>) and will consist of two different files:
 - The original text shall be preceded by a page detailing the author's name and surname, university or research centre of origin, postal address and e-mail address.
 - A copy without data of any kind that would allow the identification of the author, both in the text and in quotation.

The entire editorial process will be developed and followed through the journal's platform. Only if necessary, the journal's e-mail address will be used: **minius@uvigo.es**

2. The articles will be in **Microsoft Office Word** and they will have maximum of 15.000 words, equivalent approximately to 40 DIN A-4 double -spaced, in Times New Roman 12, including frames, graphics, maps, illustrations, notes and bibliography. Every text will be preceded by a page with the title summary and key words, in Castilian or Galician and in English, name of the author /s, profession, place of work, address, telephone and email.
3. The **numeration of epigraphs** that allude to divisions and subdivisions will use Arabic numbers, avoiding Roman numeration and letters.
4. Excessive **number of quotations** will be avoided. If they don't exceed three lines, they will be between double quotes (""), with the same font and without cursive

including bibliographical reference in footnote. The longest quotations will be in a new paragraph with left indentation and letter body 10. A quotation inside another quotation will be within simple quotes.

5. Every work will contain a **bibliographical final list** with the title Bibliography. The references will be limited to the works mentioned in the article, with French indentation. They should be listed alphabetically by the first surname of the author and year of publication; if two or more works share the same author and year, they will be differentiated with small letters after the year and between parentheses. The following format will be observed:

a. Monographs:

ARTOLA, M. (dir.) (1978): *Los ferrocarriles en España: 1844-1943*, Madrid, Servicio de Estudios del Banco de España.

VILAR, P. (1996): *La guerra civil española*, Barcelona, Grijalbo Mondadori.

b. Articles in journals:

PÉREZ GARCÍA, J. M. (1992): “El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico”, *Minus*, 1: 167-169.

c. Collaboration in collective works:

GONZÁLEZ ENCISO, A. (2006): “Spain’s mobilisation of resources for the war with Portugal in 1762”, en BOWEN, H. V. y GONZÁLEZ ENCISO, A. (coords.): *Mobilising Resources for War*, Pamplona, Eunsa: 159-190.

6. **Footnotes** will be numbered correlatively in superscript Arabic numbers. Those will be made up with the specific option of the text processor. Any punctuation mark should be after the number, never before it (example¹, example.[‡]). The mentioned bibliographical references will be marked on footnote briefly, writing the last name and the initial of the name of the author in versalitas, the year of publication and the page of the quotation: HARD ROCK, E. (1973): 27. LUCAS ÁLVAREZ, M. and LUCAS DOMÍNGUEZ, P.P. (1988): 298-299.
7. **Graphics** will be numbered in correlative Arabic numbers. Every graphic will be identified with a brief title and its sources will be mentioned. The shapes or pictures will be made up with the specific option of the text processor. Originals of graphs and illustrations will be digitalized, and included in a computer science file of any spreadsheet (preferably Excel).
8. Receipt of the **received originals** will be acknowledged by the Secretariat of Minus in a term of thirty working days from its reception. The Editorial Board will decide on its publication in a maximum of six months.
9. Authors will receive a **single printing proof**. During the correction process it will not be allowed to increase the text more than a 5%. Authors will be committed to correct this proof in a term of fifteen days from its delivery.